



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás previsións de pagamento dos convenios e/ou subvencións ás confrarías en materia de vixilancia.

Por razóns de diverso tipo moitas das confrarías do noso país están a atravesar unha situación económica difícil, que pon en risco a pura viabilidade destes pósitos e, en moitos casos pode degradar ou eliminar parte dos servizos que viñan ofrecendo ao sector pesqueiro e marisqueiro.

Tradicionalmente a administración pesqueira galega ven apoiando, a través de convenios e/ou subvencións ás confrarías e outras entidades asociativas do sector para a contratación de vixilantes nas áreas explotadas polas correspondentes confrarías.

O BNG está a observar con preocupación como a Consellaría do Mar, a moitos destes pósitos, adebeda importantes cantidades económicas de axudas xa concedidas, mais non recibidas. Hai confrarías que levan, nunha situación económica absolutamente límite, até nove meses de retraso na percepción destas axudas.

Cumpre lembrar que os servizos de vixilancia das confrarías veñen suplindo, na práctica, as limitacións do Servizo de Gardacostas de Galiza. Até 174 vixilantes e 68 embarcacións conforman os efectivos dependentes das confrarías e destinados aos cometidos antes descritos. É evidente que a desaparición destes efectivos, tendo en



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2009 18
Nº Rexistro: 07879
Data envío: 15/09/2009 18:20:49.482

conta a actual debilidade do Servizo de Gardacostas de Galiza, provocaría unha situación insustentábel no referido á protección dos recursos pesqueiros e marisqueiros no litoral galego.

Estas son as razóns que levan ao Bloque Nacionalista Galego a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.^a) Cando se vai proceder ao pagamento das axudas concedidas ás confrarías en materia de vixilancia?

2.^a) Por que razón non se efectuou antes?

3.^a) Tense previsto algún mecanismo que estableza no futuro os servizos de vixilancia dependentes das confrarías?

4.^a) Que medidas se adoptarán para garantir a viabilidade económica das confrarías con maiores problemas económicos?

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2009.


Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/09/2009 18
Nº Rexistro: 07879
Data envío: 15/09/2009 18:20:49.482



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Bieito Lobeira Domínguez na data 15/09/2009 18:19:53